



Anuario Climatolóxico de Galicia 2004



Anuario Climatolóxico de Galicia 2004

ISBN 84-453-3962-1



Anuario climatolóxico de Galicia 2004

Edita: **Consellería de Medio Ambiente**
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente
San Lázaro, s/n
15781 - Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 763. Fax: 981 541 765
Enderezo web: www.xunta.es/conselle/cma.index.htm

Deseño gráfico e maquetación:

Roberto Pérez



Imprime: **Litonor**

ISBN: 84-453-3962-1

Dep. leg.: C-1923-2005

Coordinación:

- Subdirección de Información, Formación e Prospectiva Ambiental
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente
Xunta de Galicia
- MeteoGalicia
Consellería de Medio Ambiente – Universidade de Santiago de Compostela

Redactores:

- Francisco Gómez de la Torre
Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán.
- Santiago Salsón Casado, Paloma Barreiros Alonso, Lino Rafael Naranjo Díaz,
Juan José Taboada Hidalgo, Raquel Cruz Guerrero, José Antonio Souto González e
Vicente Pérez Muñuzuri.
MeteoGalicia. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia.

ÍNDICE

• PRESENTACIÓN	7
• PRÓLOGO	9
• INTRODUCCIÓN	11
• MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS	15
• COORDENADAS DAS ESTACIÓNS	17
• CONDICIÓNS SINÓPTICAS	19
• RESUMO POR VARIABLE	33
Temperatura media	35
Temperatura máxima media	36
Temperatura mínima media	37
Oscilación térmica media	38
Temperatura máxima absoluta	39
Temperatura mínima absoluta	40
Humidade estándar	41
Precipitación total	42
Precipitación máxima en 24 horas	43
Balance hídrico	44
Horas de sol	45
Insolación	46
Vento	47
Chuvia	48
Xeada	49
Orballo/rosada e néboa	50
Irradiación media diaria e IUV máximo	51
• RESUMO POR ESTACIÓN	53
ESQUEMA DA INFORMACIÓN POR ESTACIÓN	55
A CORUÑA	
CIS Ferrol-A.....	59
Corrubedo-A.....	60
Fontecada-A	61
Mabegondo-A.....	62
Marco da Curra-A	63
Melide-A	64
Monte Xalo-A	65
Muíños.....	66
Muralla-A.....	67
Río do Sol.....	68
Santiago-Físicas-A	69
Sergude.....	70
LUGO	
Campus Lugo-A	73
Conchada.....	74
Folgueira de Aigas	75
LUGO	
Fragavella-A	76
Guitiriz-A.....	77
Marroxo-A	78
Monte Panda	79
O Xipro	80
Os Ancares-A	81
Pedro Murias-A	82
Sambreixo	83
Santalla	84
Serra Vacaloura	85
Xunqueira	86
OURENSE	
Alto do Rodicio-A	89
As Petarelas.....	90
Baltar.....	91
Castelo da Pena.....	92

OURENSE		
O Invernadeiro-A	93	
O Xurés	94	
Pedreiriño	95	
Pieles	96	
Serra do Eixe	97	
Verín-A	98	
PONTEVEDRA		
Arcos da Condesa	101	
Carballedo	102	
Castro Vicaludo	103	
Castrove-A	104	
PONTEVEDRA		
Corón-A	105	
Cuntis	106	
Fornelos de Montes-A	107	
Illas Cíes	108	
Lourizán-A	109	
Monte Aloia-A	110	
Mouriscade-A	111	
Pereira	112	
Queimadelos-A	113	
• GLOSARIO		115

PRESENTACIÓN

Entre os obxectivos máis importantes que pretende acadar a Organización das Nacións Unidas para o 2015 están os relacionados coa sostibilidade do medio ambiente, coa avaliación de riscos, prevención e loita contra desastres, medidas de recuperación, etc. Neste sentido, non foi casual o lema do día meteorolóxico mundial correspondente ao ano 2005, o cal levou por título “O tempo, o clima, a auga e o desenvolvemento sostible”.

É amplamente recoñecido que unha das condicións esenciais para o desenvolvemento sostible é a avaliación da variabilidade meteorolóxica e climatolóxica e as posibles tendencias. Grazas aos progresos no coñecemento do noso medio natural, á mellora nas instalación e medios máis eficaces, pódense realizar predicións máis fiables e prever os cambios climáticos futuros.

Dende a Consellería de Medio Ambiente preténdese contribuír ás necesidades que demanda a sociedade en canto a información meteorolóxica e climática se refire. Por iso, comprácame presentar este *Anuario climatolóxico de Galicia* cos datos do ano 2004. Os datos reflectidos no anuario, como en anos anteriores, proveñen da rede de estacións meteorolóxicas da Consellería de Medio Ambiente.

Mantense a estrutura do ano anterior, polo que podemos atopar a seguinte distribución do anuario:

- Na primeira, amósase información xeral, na que se presenta unha relación das estacións meteorolóxicas que ofrecen información climatolóxica: as súas coordenadas UTM, o ano de instalación e o mapa de Galicia no que se mostran as súas posicións.
- Na segunda parte preséntanse comentarios e mapas, para cada mes, sobre as situacións sinópticas e a súa repercusión nas precipitacións e temperaturas.
- Na terceira parte faise un resumo para cada unha das variables, tendo en conta que non todas elas son rexistradas no conxunto das estacións. Ademais, hai que ter presente que nalgunhas estacións a frecuencia da toma dos datos é semanal para a chuvia e o vento.
- Na última parte faise un resumo anual para cada unha das estacións, cunha serie de gráficos das variables máis representativas. Neste apartado inclúese unha páxina inicial onde se detallan os distintos elementos que se mostran no resumo de cada estación.

Agradézzolles un ano máis aos observadores voluntarios a súa participación na recollida dos datos nas estacións manuais, que xunto cos datos da rede de estacións automáticas permitiron a MeteoGalicia (www.meteogalicia.es), servizo meteorolóxico da Xunta de Galicia, a elaboración deste anuario.

Xosé Manuel Barreiro Fernández

Conselleiro de Medio Ambiente

PRÓLOGO

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible pon por sexto ano consecutivo a disposición do público o *Anuario climatolóxico de Galicia*. Esta publicación complementa a información que se pode atopar a través de Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia (www.siam-cma.org), dependente desta dirección xeral.

Consciente dos retos que se nos presentan nos próximos anos sobre a protección do medio ambiente, o cambio climático, etc., a Consellería de Medio Ambiente está a facer un esforzo no referente á ampliación e automatización da rede de estacións meteorolóxicas. No ano 2004 instaláronse dúas novas estacións automáticas, unha no concello de Melide e outra no concello de Cedeira. Os datos están dispoñibles nas páxinas do SIAM e os valores mensuais veranse recollidos no anuario de 2005.

A característica máis salientable do ano 2004 foi a escaseza de precipitacións na maioría dos meses. Destaca especialmente o mes de febreiro, onde as chuvias acadaron unicamente un 15% do valor medio. Tamén destacaron os meses de novembro e decembro pola pouca pluviosidade. Pola contra, o mes de agosto rexistrou na maior parte da nosa xeografía precipitacións de máis do dobre dos valores normais.

Á vista destes datos, podemos apreciar a variabilidade intraanual que se observa na nosa Comunidade, e consultando os anuarios climatolóxicos anteriores, a importante variabilidade interanual. Por iso é necesaria unha observación o máis detallada posible da evolución do noso clima e contar cos medios materiais e humanos que nos sigan permitindo levar a cabo esta tarefa.

Francisco Maseda Eimil

Director xeral de Desenvolvemento Sostible

INTRODUCCIÓN

O *Anuario climatolóxico de Galicia* é un documento no que se recollen todos os datos ofrecidos polas estacións meteorolóxicas dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Na rede intégrase tamén a estación de Corón, dependente do Centro de Investigacións Mariñas en Vilanova de Arousa.

Dende a instalación da primeira estación de observación meteorolóxica de carácter manual, que data do ano 1955, a rede de observación foise ampliando de maneira progresiva ata quedar configurada na actualidade por 35 estacións manuais repartidas por toda a xeografía galega. No ano 1998, comezouse a instalación dunha moderna rede de estacións automáticas, integrada actualmente por 27 estacións con transmisión de datos en tempo real. Neste anuario do 2004 utilizouse tamén esta información. Ao longo deste documento, para indicar que a estación é automática, engadíuselle un ‘A’ ao nome da estación.

En todas as estacións manuais, diarias ou semanais, médense unhas variables comúns:

- Temperatura máxima diaria a 1.5 m.
- Temperatura mínima diaria a 1.5 m.
- Humidade máxima diaria a 1.5 m.
- Humidade mínima diaria a 1.5 m.
- Percorrido do vento (diario ou semanal).
- Precipitación (diaria ou semanal).

Ademais, nalgunhas delas, médense tamén as horas de sol coas que se calcula a insolación.

No caso das estacións automáticas, onde a frecuencia da toma de datos é dezminutal, as variables rexistradas son:

- Temperatura e humidade relativa a 1.5 m.
- Presión.
- Velocidade e dirección do vento a 10 m.
- Precipitación.
- Radiación solar global en once das estacións e índice ultravioleta máximo en cinco delas.

A partir dos datos das estacións manuais e automáticas, realizouse unha análise estatística climatolóxica para o ano 2004. Naquelas localizacións en que se dispón de estación manual e automática, tomáronse soamente os da estación automática, agás no caso das variable “horas de sol” e “insolación”, para as cales consideráronse os datos da estación manual. Unha das estacións automáticas, Castro Vicaludo, comezou a funcionar en maio, polo que neste caso aínda se tomou a información correspondente á estación manual. A estación automática de Punta Candeeira comezou a funcionar a finais de ano, polo que se amosará por primeira vez no anuario de 2005.

No apartado *condicións sinópticas* recóllese unha análise das situacións sinópticas predominantes que afectaron a Galicia ao longo de cada mes. Así mesmo, preséntanse mapas mensuais das anomalías de precipitacións, presións e temperaturas máximas e mínimas.

No apartado denominado **resumo por variable** preséntanse, para cada unha das estacións, os valores mensuais dunha serie de variables. Co obxectivo de que os valores foran representativos, tomouse como criterio a utilización dos datos sempre que o número de valores dispoñibles sexa superior ao 60% do total dos rexistros mensuais no caso de valores medios e dun 80% no caso de valores acumulados. Nas estacións automáticas, estableceuse un mínimo do 75% de datos dezminutais para considerar o día con datos. Os valores anuais indícanse soamente cando o número de meses con observacións válidas foi superior ao 60%. No caso de valores medios, máximos ou mínimos, indícanse as estacións que tiveron observacións entre un 60 e un 80% dos meses. No entanto, no caso dos valores acumulados, sinálanse todas aquelas estacións en que o ano non está completo, xa que nestes casos os valores acumulados non poden ser comparados cos doutras estacións.

As variables tabuladas son as seguintes:

- Temperatura media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura mínima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Oscilación térmica (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Temperatura mínima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Humidade estándar (%). Indícase tamén a media anual.
- Precipitación total acumulada (mm). Indícase tamén a chuvia acumulada anual.
- Precipitación máxima en 24 horas (mm). Indícase tamén a máxima anual.
- Balance hídrico. Indícase tamén o balance anual.
- Horas de sol (horas/mes). Indícase tamén o total anual. Sinálanse aquelas estacións automáticas nas que se tomaron os datos das correspondentes manuais.
- Insolación (%). Indícase tamén a media anual.
- Velocidade media do vento (m/s). Indícase tamén a media anual.
- Chuvia (días). Indícase tamén o total anual.
- Xeada (días). Indícase tamén o total anual.
- Orballo/Rosada (días). Indícase tamén o total anual.
- Néboa (días). Indícase tamén o total anual.
- Irradiación media diaria. Indícase tamén a media anual.
- Índice ultravioleta máximo. Indícase tamén o máximo anual.

No apartado **resumo por estación** recóllese para cada unha das estacións a seguinte información:

- Resumo anual para as seguintes variables (cando se miden na estación):
 - Media anual da temperatura media diaria.
 - Media anual das temperaturas máximas diarias.
 - Media anual das temperaturas mínimas diarias.
 - Temperatura máxima absoluta.
 - Temperatura mínima absoluta.

Para as temperaturas máxima e mínima absolutas, indícase a data na que se rexistrou o devandito valor. No caso de varias datas, amósase a primeira e a última.

- Media anual da humidade estándar.
 - Precipitación anual total.
 - Horas de sol totais no ano.
 - Media anual da irradiación media diaria.
 - Índice UV máximo acadado no ano.
 - Media anual da velocidade media do vento.
- Gráfica de evolución das temperaturas mensuais máximas e mínimas, tanto medias como extremas. Representase tamén o número de días de xeadas.
 - Gráfica de evolución da precipitación total, o balance hídrico e a temperatura media mensuais.
 - Gráfica de evolución da humidade estándar, a porcentaxe de insolación e o máximo valor do índice UV en cada mes.
 - Rosa dos ventos e velocidade media do vento en cada unha das direccións representadas, indicando a porcentaxe de días de calma (ventos con velocidade inferior ou igual a 1.5 m/s).

Cada un dos tipos de gráficas mostra a mesma escala en todas as estacións, de xeito que as gráficas se poden comparar visualmente.

Ao comezo deste apartado inclúese unha páxina na que se mostra un esquema da información por estación. Nela explícanse os datos e as gráficas que se amosan nesta sección.

Os datos recollidos polas estacións automáticas e manuais, así como os seus resumos, pódense atopar a través de Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia (www.siam-cma.org).

MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS



COORDENADAS DAS ESTACIÓNS

ESTACIÓ	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓ	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
A CORUÑA					
CIS Ferrol-A	Ferrol	1999	560575	4815596	35
Corrubedo-A	Ribeira	1999	497788	4711340	30
Fontecada-A	Santa Comba	2003	510673	4757523	365
Mabegondo-A	Abegondo	2000	560035	4787795	98
Marco da Curra-A	Monfero	2000	589723	4799415	645
Melide-A	Melide	2003	583063	4751027	475
Monte Xalo-A	Culleredo	1999	548165	4787002	510
Muíños	Zas	1983	502146	4764251	490
Muralla-A	Lousame	2001	518434	4732856	650
Río do Sol	Coristanco	1982	525478	4770587	340
Santiago-Físicas-A	Santiago de Compostela	2003	535915	4747144	255
Sergude	Boqueixón	1991	544164	4741185	226
LUGO					
Campus Lugo-A	Lugo	1999	618765	4761198	420
Conchada	Quiroga	1981	641837	4705345	600
Folgueira de Aigas	Navia de Suarna	1981	669976	4758503	910
Fragavella-A	Abadín	2003	625715	4812475	605
Guitiriz-A	Guitiriz	1999	598922	4786880	690
Marroxo-A	Monforte	1999	623291	4703593	630
Monte Panda	Pol	1988	641017	4778172	605
O Xipro	A Fonsagrada	1978	660504	4782755	840
Os Ancares-A	Cervantes	1999	669920	4742923	1365
Pedro Murias-A	Ribadeo	2000	654986	4822541	45
Sambreixo	Guitiriz	1990	598550	4777692	498
Santalla	Triacastela	1989	645239	4737385	720
Serra Vacaloura	Portomarín	1995	601970	4741768	795
Xunqueira	Viveiro	1991	612845	4834430	15
OURENSE					
Alto do Rodicio-A	Maceda	1999	616296	4683835	962
As Petarelas	Rubiá	1992	670470	4703269	555
Baltar	Baltar	1989	606369	4643587	820
Castelo da Pena	Vilardevos	1984	636358	4642815	670
O Invernadeiro-A	Castrelo do Val	2000	636971	4664276	1020
O Xurés	Lobios	1999	584682	4639012	1000
Pedreiriño	Entrimo	1983	573955	4643896	720
Pieles	Cea	1990	585455	4708064	680
Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	1977	664341	4691308	1225
Verín-A	Verín	2001	632770	4648322	555

PONTEVEDRA					
Arcos da Condesa	Caldas de Reis	1988	531354	4713851	145
Carballedo	Cotobade	1993	541735	4702509	350
Castro Vicaludo	Santa María de Oia	1981	511413	4649371	450
Castrove-A	Poio	2001	524471	4701077	415
Corón-A	Vilagarcía de Arousa	2002	520514	4714577	7
Cuntis	Cuntis	1974	533209	4721465	265
Fornelos de Montes-A	Fornelos de Montes	1974	550571	4685361	759
Illas Cíes	Vigo	1998	508050	4674377	15
Lourizán-A	Pontevedra	2001	527746	4695497	60
Monte Aloia-A	Tui	2000	526608	4658156	410
Mouriscade-A	Lalín	2000	570877	4718272	501
Pereira	Forcarei	1990	555880	4720398	715
Queimadelos-A	Mondariz	1999	547276	4675193	360

Negra: observación semanal da precipitación e do vento.


Resto: observación diaria nas manuais e dezminutal nas automáticas (-A).

CONDICIÓN SINÓPTICA

XANEIRO

Temperaturas altas e precipitacións escasas, con poucas xornadas de frío


O mes de xaneiro caracterizouse polas bruscas variacións entre dúas situacións diferentes. A primeira sería unha situación de borrasca do atlántico (ao oeste de Irlanda), con ventos do sudoeste, chuvias e temperaturas suaves, e a segunda trataríase de situacións anticiclónicas cos ceos máis despexados, menos humidade, pero temperaturas moi baixas. A situación das borrascas predominou os primeiros 4 días do mes, volveu do 8 ao 13, acompañada de fortes ventos, e novamente do 25 ao 31 con ventos fortes principalmente durante a madrugada do 31, cando superaron os 70 km/h en zonas costeiras e montañosas do norte. Pola súa parte, as situacións de anticiclón, pero con temperaturas baixas, predominaron nos períodos do 5 ao 7 e do 18 ao 21 e nas xornadas do 28 e 29, con cambios na temperatura mínima de ata 10 °C entre unha situación e a seguinte. Esta situación concrétase no mapa de anomalías de presión en superficie, con presións máis baixas do normal no atlántico e sobre Centroeuropa e altas ao sur da península Ibérica.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As precipitacións estiveron en xeral en valores por debaixo dos esperados. Soamente destacan os episodios de borrascas das xornadas do 11 ao 13 e as do 26 e o 31 con precipitacións que superaron os 20 l/m² diarios nalgúns destes días. No resto dos casos as chuvias foron pouco cuantiosas. Así, por exemplo, en Lourizán (Pontevedra) as precipitacións acumuladas durante o mes foron 168 mm, cando a media do mes de xaneiro indica que deberían caer 250 mm. Este déficit de precipitacións de entre o 25 e o 50% repítese en todas as estacións.


Temperatura: Os valores medios das temperaturas mínimas superaron en xeral os agardados para esta época, mentres a media das máximas estivo en valores próximos aos esperados, con diferenzas de menos de 2 graos, debido a que predominaron máis as situacións de borrasca, con temperaturas moi suaves. As situacións de frío estiveron moi marcadas pero non se presentaron durante tantas xornadas como as que sería de esperar. Así, por exemplo, en Lugo rexistráronse xeadas en 8 xornadas, cando a media de anteriores meses de xaneiro indicaría a presenza de 11.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

FEBREIRO

Mes moi seco, con temperaturas altas ao principio e nevaradas a final de mes

O mes de febreiro destacou principalmente polas continuas situacións anticiclónicas, que deixaron cantidades de chuvia moi inferiores ás agardadas nun mes de febreiro. Isto, sumado a que no mes de xaneiro as precipitacións estiveran por debaixo do esperado, fai que o arranque do 2004 sexa en xeral moi seco en Galicia. As altas presións estiveron durante as primeiras tres semanas do mes centradas na área das Illas Británicas bloqueando o paso das fronte atlánticas, que durante este mes terían tocado Galicia; soamente o día 6 unha destas fronte chegou a Galicia, pero moi debilitada, deixando cantidades de chuvia practicamente




Anomalías de presión a nivel medio do mar

inapreciables. Durante estas tres semanas predominaron os ceos despexados, as temperaturas nocturnas baixas, con frecuentes xeadas no interior e, no entanto, as máximas altas, superando tamén con frecuencia os 20 °C. A partir do 23 e durante a derradeira semana do mes comezou a chegar aire moi frío do norte, que desembocou nunha situación de nevaradas en cotas baixas, principalmente o día 27, no que a neve chegou a callar ao nivel do mar no norte de Lugo. Esta situación obsérvase nidiamente no


mapa de anomalías de presión en superficie, con anomalías positivas entre as Illas Británicas e Islandia, o que quere dicir que as presións nesa área foron superiores ás normais.

Precipitación: As precipitacións acumuladas estiveron, en xeral, moi por debaixo dos valores agardados. Soamente se aproximan no litoral de Lugo e nas zonas montañosas de Lugo e Ourense, debido ás nevaradas dos últimos días do mes. Nas estacións das provincias da Coruña e Pontevedra a precipitación acumulada non chegou ao 20% do valor normal neste mes. Así, en Ferrol recolléronse 21 l/m², 20 l/m² en Mabegondo, 13 l/m² en Lourizán ou 19 l/m² en Corón.


Temperatura: As temperaturas non presentan anomalías moi definidas no caso das mínimas nin no das máximas. As temperaturas máximas estiveron, en xeral, por riba dos valores normais durante a primeira metade do mes, con temperaturas que superaron os 20 °C en varios observatorios durante varias xornadas. Pero nas dúas últimas semanas, e principalmente na derradeira, tivo lugar unha corrección, posto que as temperaturas foron baixas. As mínimas mantiveron valores normais durante o mes, xa que na primeira metade mantivéronse baixas ao quedaren os ceos despexados e na segunda metade víronse arrastradas a valores baixos pola chegada de aire frío do norte.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

MARZO

Continúan as escasas precipitacións; temperaturas normais ou algo máis baixas


O mes de marzo comezou cunha situación lixeiramente anticiclónica, logo das nevadas en cotas baixas caídas durante os derradeiros días de febreiro. Esta configuración anticiclónica non foi tan estable como as que tiveron lugar durante o mes anterior, e de feito este comportamento pode caracterizar este mes de marzo, con situacións anticiclónicas máis febles que as de febreiro. Así, durante os días 3, 4 e 5 producíronse algunhas precipitacións febles por mor da chegada das baixas presións, e esta situación repetiuse de novo entre os días 8 e 13, con especial relevancia durante a xornada do 11, cando o paso dunha fronte activa deixou precipitacións importantes, especialmente na metade sur. A partir do día 14 recuperouse a situación anticiclónica ata o 17, con xornadas de ceos despexados e temperaturas altas. Pero entre o día 18 e o 25 repetíronse novamente as precipitacións febles, desta volta con temperaturas baixas, posto que os ventos predominantes foron do nordés. Estes ventos continuaron durante os seguintes 3 días, pero con ceos máis despexados, para terminar o mes cunha situación intermedia entre as altas e as baixas presións e, consecuentemente, algunhas chuvias febles. Esta situación déixase ver no mapa de anomalías en superficie, con presións superiores ás normais no norte de Europa e baixas no Atlántico norte.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As precipitacións durante este mes foron en xeral inferiores á media esperada por terceiro mes consecutivo, agás no norte de Lugo e nas comarcas montañosas de Ourense. A característica máis salientable da chuva foi que o número de días de precipitación se aproximou ao normal para un mes de marzo, pero as precipitacións foron pouco cuantiosas cando se produciron, coa única excepción da xornada do 11 nas estacións do sueste da Comunidade.


Temperatura: As temperaturas mínimas mantivéronse en xeral en valores normais para esta época do ano, con xeadas principalmente a principios e finais do mes, durante as dúas situacións de nordés. En canto ás temperaturas diúrnas máximas, o mes foi máis frío que a media climática, posto que, agás na situación dos días 14 a 17, nos que as temperaturas foron superiores aos 20 °C, no resto do mes rexistráronse valores por debaixo do esperado. Os únicos lugares en que a temperatura media está en valores similares ao valor climático é o norte de Lugo e A Coruña.



Anomalías porcentuais de chuvía



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

ABRIL

Temperaturas normais para un novo mes seco en xeral

O mes de abril mostrou unha alternancia entre dúas situacións características; por unha parte, centros de baixas presións que deixaron situacións invernaís e, por outra parte, situacións anticiclónicas, a última das cales tivo características propias do verán. Así, o mes comezou da mesma forma que rematou o de marzo, baixo a influencia das baixas presións. Isto deixou tres xornadas de precipitacións e temperaturas máximas baixas. Entre as xornadas do 4 e o 15 a situación foi anticiclónica, aínda que as baixas presións situadas sobre Centroeuropa e o Mediterráneo deixaron ventos do nordés, de forma que aínda que non se rexistraron en xeral precipitacións, as temperaturas foron algo máis altas que nos tres primeiros días, pero sen ascender por riba dos valores esperados en abril. Entre o 17 e o 21 Galicia viuse novamente afectada polas baixas presións, que deixaron 4 xornadas chuviosas, con ceos cubertos e temperaturas máximas novamente baixas. A seguinte situación anticiclónica estendeuse dende o 22 ata o 28 de abril. Esta situación non se viu acompañada de ventos do norte, de forma que as temperaturas ascenderon ata situarse en valores próximos aos 30 °C. As dúas últimas xornadas estiveron novamente dominadas polas baixas presións e a inestabilidade. Isto tradúcese nunha anomalía positiva de presión en superficie sobre o atlántico norte e anomalía lixeiramente negativa tanto en Europa central como no Mediterráneo.




Anomalías de presión a nivel medio do mar


As dúas últimas xornadas estiveron novamente dominadas polas baixas presións e a inestabilidade. Isto tradúcese nunha anomalía positiva de presión en superficie sobre o atlántico norte e anomalía lixeiramente negativa tanto en Europa central como no Mediterráneo.

Precipitación: As precipitacións durante este mes foron novamente inferiores á media esperada por cuarto mes consecutivo. Neste caso o déficit foi máis notable no leste de Galicia que no oeste, porque as situacións de chuvia foron propiciadas por ventos de compoñente oeste. Así, en Lourizán rexistráronse 101 mm e en Ferrol 75 mm, mentres que Lugo quedou cunha cantidade de 37 mm e en Ribadeo rexistráronse 48 mm.


Temperatura: As temperaturas medias rexistraron valores normais ou lixeiramente inferiores á media esperada para un mes de abril, tanto nos valores mínimos como nos máximos. No caso das mínimas, non houbo grandes variacións durante o mes, posto que as situacións de borrasca con ceos cubertos non permiten que as mínimas descendan moito. As máximas oscilaron entre valores baixos nas situacións de borrasca, normais con situacións de anticiclón e ventos do norte, e temperaturas altas con anticiclón e situación do oeste.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

MAIO

Quinto mes consecutivo con menos precipitacións das agardadas


A meteoroloxía do mes de maio foi variable, como corresponde a este mes de primavera. Porén, as diferentes situacións deixaron novamente poucas precipitacións. Así, os primeiros dez días do mes rexistraron unha situación atmosférica inestable, pero os ventos foron predominantemente do norte. Isto fixo que as temperaturas fosen baixas, pero as precipitacións pouco cuantiosas, algunhas das cales foron de neve. A continuación, os seguintes dez días estiveron dominados polas altas presións e a circulación do leste-sueste, o que deixou xornadas con ceos despexados e temperaturas moi altas, que nos días centrais desta situación superaron os 30 °C en case toda a Comunidade. Posteriormente a atmosfera evolucionou a situacións sinópticas máis inestables coa formación de treboadas vespertinas entre as xornadas do 18 e o 24. A derradeira semana do mes estivo baixo a influencia de centros de baixas presións febles procedentes do Atlántico, o que deixou ceos cubertos, moita humidade, temperaturas suaves, pero unha vez máis poucas precipitacións. Esta situación variable déixase notar nos mapas de anomalías de presión en superficie cunha situación de presións máis altas do normal no Atlántico e máis baixas sobre Europa continental, o que xera fluxos de compoñente norte sobre Galicia.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As precipitacións durante este mes foron unha vez máis inferiores á media esperada, igual que vén sucedendo dende o mes de xaneiro. As precipitacións tiveron un carácter bastante disperso e as máis importantes producíronse durante as xornadas treboentas entre o 18 e o 24, o que fixo que no interior as cantidades acumuladas estean preto das normais ou incluso superen este valor.


Temperatura: As temperaturas pódese dicir que foron as normais para a época do ano, con anomalías tanto positivas como negativas inferiores en xeral aos 2 °C, tanto nos valores mínimos como nos máximos, aínda que neste último caso temos áreas do interior con temperaturas ata 4-5 °C por debaixo das agardadas.



Anomalías percentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

XUÑO

Precipitacións escasas e temperaturas altas durante a primeira metade do mes

A situación meteorolóxica predominante durante a primeira metade do mes foi anticiclónica, con temperaturas altas en xeral. Dentro desta primeira metade do mes pódense distinguir tres períodos. Así, nos primeiros 4 días as altas presións situáronse ao norte da península Ibérica, o mesmo que sucedeu entre os días 11 e 19. Nestes dous períodos as temperaturas foron especialmente altas, superándose os 30 °C de máxima en case todas as comarcas galegas, e achegándose aos 35 °C nas xornadas máis calorosas no sur da Comunidade. No medio destes dous episodios as altas presións descenderon en latitude, causando a presenza de brisas e a entrada de brétemas e néboas pola costa, o que ocasionou un descenso das temperaturas. A partir do día 20 a circulación cambiou, sendo de forma predominante de compoñente oeste, o que deixou 4 xornadas de precipitacións e temperaturas baixas. A partir do 25 a situación volveu novamente a ser anticiclónica, aínda que de forma lenta e con temperaturas algo máis baixas que no principio do mes, superándose en xeral os 30 °C soamente na xornada do 29. Esta situación tradúcese en presións máis altas do normal sobre a península Ibérica e o sur de Europa.




Anomalías de presión a nivel medio do mar


normal sobre a península Ibérica e o sur de Europa.

Precipitación: As precipitacións durante este mes foron novamente inferiores á media esperada. Este déficit hai que engadilo aos acumulados dende o mes de xaneiro. As precipitacións estiveron concentradas esencialmente nas xornadas entre o 20 e o 24, cando os ventos do oeste trouxeron algunha fronte atlántica a Galicia e, polo tanto, as precipitacións rexistradas soamente se achegaron ás agardadas para este mes en puntos das Rías Baixas.


Temperatura: As temperaturas foron en xeral superiores á media esperada para un mes de xuño. No caso das mínimas, estas anomalías foron incluso superiores aos 5 °C en zonas das Rías Baixas; soamente en puntos do norte de Lugo e no leste de Ourense as temperaturas foron as normais da época. As máximas foron tamén superiores ás agardadas en xeral.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

XULLO

Precipitacións relativamente escasas e temperaturas normais


O mes de xullo tivo dúas situacións anticiclónicas fortes que deixaron ceos despexados e altas temperaturas, separadas por dous períodos máis inestables, que ocasionaron algunhas precipitacións, pero sempre dentro do normal para un mes de xullo, ou incluso inferiores. Os primeiros 4 días do mes estiveron dominados polo fin da situación de altas presións que estivera presente durante as últimas xornadas do mes de xuño. A partir desa data, entre o 5 e o 11, a presenza dun centro de baixas presións situado sobre o Golfo de Biscaia, trouxo unha masa de aire frío e húmido que deixou baixas temperaturas e precipitacións febles pero xeneralizadas. A partir do día 12 recuperouse novamente a situación anticiclónica, dominando as altas presións ata o día 18, o que deixou unha semana soleada e con temperaturas altas, aínda que dentro dos valores normais para a época do ano, destacando soamente as xornadas do 14 e o 15, con temperaturas altas. Entre o 19 e o 21 tivemos tres xornadas con vento de compoñente oeste que deixou nubosidade e algunhas precipitacións febles. Logo do 22 a situación xa foi plenamente anticiclónica, con ascenso das temperaturas, destacando de xeito particular as xornadas do 24 e 25. Esta situación non presenta anomalías de presión significativas en superficie.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As precipitacións foron, en xeral, escasas durante o mes de xullo, con poucas xornadas de precipitación, aínda que, dado que as chuvias agardadas neste mes son tamén escasas, en moitos puntos as cantidades rexistradas foron suficientes para considerar o mes de xullo como normal, ou incluso máis chuvioso que a media, como sucedeu no norte de Lugo.


Temperatura: As temperaturas non tiveron anomalías significativas, nin no caso das máximas nin no caso das mínimas. Este comportamento vén dado pola variabilidade do mes. Así, aínda que nas xornadas do 24, 25 e 26 se rexistraron temperaturas moi altas, durante os primeiros días do mes as temperaturas foron moi baixas, de forma que a media resultou compensada.



Anomalías porcentuais de chuvía



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

AGOSTO

Precipitacións intensas na parte central do mes e temperaturas baixas

O mes de agosto comezou cunha situación debilmente anticiclónica, que deixou algunha chuvía feble, pero co tempo aínda bastante estable e con temperaturas normais para esta época do ano. No entanto, un embolsamento de aire frío nas capas medias da atmosfera sobre o Atlántico, ao oeste de Irlanda, alimentou dúas profundas borrascas que deixaron cuantiosas chuvias e ventos do sudoeste durante a segunda e terceira semana do mes. As xornadas de máis vento e chuvias foron o 11 e o 18, con refachos de vento superiores aos 80 km/h no litoral e precipitacións intensas. A partir do día 20 as altas presións entraron novamente sobre Galicia en forma de cuña dende o Atlántico, deixando, como




Anomalías de presión a nivel medio do mar


durante a primeira semana, tempo estable, con máis nubosidade no norte de Galicia, onde continuaron a producirse algunhas precipitacións, e ceos máis despexados no sur. Isto reflíctese nos mapas de anomalías de presión, con anomalías claramente negativas sobre o Atlántico norte, onde as presións foron claramente máis baixas do esperado.

Precipitación: As precipitacións foron intensas, principalmente nas Rías Baixas e na comarca de Compostela durante a segunda e terceira semana do mes, moi superiores ás agardadas durante o mes de agosto. O número de días de chuvía oscilou entre os 15 de Ferrol e os 8 de Verín. As cantidades acumuladas durante o mes superaron os 180 l/m² en Santiago de Compostela e os 140 l/m² en Pontevedra, como datos máis significativos.


Temperatura: As temperaturas mínimas acadaron en xeral os valores agardados, posto que o empeoramento do tempo durante a segunda e terceira semana deixou ventos do sudoeste e, polo tanto, valores mínimos moi suaves. Pero este empeoramento si se deixou notar nas temperaturas máximas, que non acadaron os valores agardados. Así, en Lourizán non se superaron os 30 °C en todo o mes, e en Santiago de Compostela soamente unha xornada tivo máximas por riba dos 30 °C, acadándose 30.2 °C o día 6.



Anomalías porcentuais de chuvía



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

SETEMBRO

Precipitacións escasas e temperaturas altas


O mes de setembro tivo dúas partes claramente diferenciadas. Durante a primeira quincena o predomínio foi de ceos cubertos, temperaturas suaves e precipitacións, mentres que na segunda metade do mes as altas presións deixaron os ceos despexados e as temperaturas altas. Dentro da primeira quincena débense distinguir dous períodos diferentes. Así, entre os días 4 e 8 un embolsamento de aire frío deu lugar á formación de treboadas, que puntualmente tiveron unha intensidade forte. A partir do 9 e ata o 14 este embolsamento de aire frío alimentou un centro de baixas presións que deixou ceos nubosos e algunhas precipitacións, pero máis febles e dispersas que nas xornadas treboentas. A partir do día 15 as altas presións pasaron a dominar claramente a situación sinóptica, deixando ceos despexados e temperaturas altas, que en moitos casos superaron os 30 °C. Esta situación tradúcese nunha anomalía positiva de presión ao norte da península Ibérica, é dicir, a presión nesas áreas foi superior ao agardado para o mes de setembro debido ao sistema de altas presións da segunda metade do mes.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As precipitacións foron en xeral escasas durante o mes de setembro, con cantidades incluso por debaixo da metade do agardado en puntos da Coruña e interior de Pontevedra. Nas Rías Baixas, puntos illados de Ourense e en practicamente toda a provincia de Lugo este déficit de chuvia non foi tan significativo debido á forza das treboadas que se produciron entre os días 4 e 8 deste mes.


Temperatura: As temperaturas mínimas estiveron en xeral por riba dos valores agardados en setembro, mentres que as máximas non presentan anomalías significativas. Isto débese á presenza dunha primeira metade do mes con xornadas de chuvias e temperaturas baixas e outra metade na que a situación anticiclónica deixou altas temperaturas, compensándose en xeral ambos os efectos.



Anomalías percentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

OUTUBRO

Precipitacións cuantiosas e temperaturas suaves

O mes de outubro estivo claramente marcado polo paso de sucesivas fronteas chuviosas asociadas a centros de baixas presións atlánticas. Así, os primeiros 3 días do mes aínda estiveron afectados polas altas presións que durante a segunda quincena de setembro deixaron un tempo seco e soleado. O día 4 rompeuse esta tendencia coa chegada da primeira fronte chuviosa e a partir desta data nas comarcas atlánticas soamente houbo dúas xornadas sen precipitacións. A maiores destas fronteas chuviosas, os centros de baixas presións achegáronse moito a Galicia, o que ocasionou varios días con moito vento.




Anomalías de presión a nivel medio do mar


Os episodios máis intensos tiveron lugar durante as xornadas do 8 e 9 de outubro, con fortes ventos de compoñente sur e cuantiosas precipitacións na metade oeste de Galicia. Esta situación repetiuse, desta volta con chuvias moi intensas en toda a Comunidade e con ventos moi fortes do sudoeste que superaron os 100 km/h en moitos puntos de Galicia durante a tarde do 19 e a mañá do 20. O último episodio de meteoroloxía adversa durante o mes tivo lugar durante os días 23 e 24, repetíndose os fortes ventos durante a madrugada do 27, aínda que con menor intensidade que durante os anteriores episodios. Os sucesivos centros de baixas presións déixanse ver moi claramente no mapa de anomalías de presión en superficie, con presións máis baixas das normais no Atlántico ao noroeste de Galicia.

Precipitación: As chuvias foron en xeral moi cuantiosas, superándose en toda Galicia os valores medios agardados no mes de outubro. Onde máis se deixou notar esta situación foi en todo o litoral e nas zonas montañosas do interior, onde as precipitacións superaron o dobre do normal. Como exemplo, diremos que a precipitación acumulada en Lourizán superou os 350 l/m², cando a media agardada en Pontevedra é de 185 l/m².


Temperatura: As temperaturas non teñen anomalías moi significativas, nin no caso das mínimas nin no das máximas, aínda que se observa unha tendencia das mínimas a ser lixeiramente superiores ás esperadas e, pola contra, as máximas inferiores ás esperadas. Isto é debido a que as situacións de sudoeste, que foron as que predominaron durante este mes, deixan os ceos nubosos e as temperaturas mínimas moi suaves, pero tamén provocan pouca oscilación térmica, é dicir, pequenas variacións entre as temperaturas mínimas e máximas, de forma que as máximas rexistran valores relativamente baixos.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

NOVEMBRO

Mes seco con xeadas e néboas no interior


